



CARTA

*do reitor
ao PAS*

Prezados compañeiros e compañeiras,

Espero que vós e as vosas familias **vos atopedes ben de saúde**.

Neste período de Semana Santa tan particular que estamos a vivir este ano, quero enviarvos a todas e todos unha dobre mensaxe.

Por unha banda, reitérovos o meu **agradecemento a** cada unha das persoas que formades parte do persoal de administración e servizos **polo esforzo que estades a realizar** nestas circunstancias, a gran maioría desde as vosas casas.

Grazas porque, nun tempo absolutamente récord, a nosa universidade **puido seguir traballando** sen preparación ningunha para realizar tarefas a distancia e con casos contados de experiencia en teletraballo. Non obstante, baixo a coordinación do equipo da Xerencia, coa implicación das persoas responsables dos servizos, coa axuda inestimable da Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions e a colaboración da parte social, fomos quen de permitir que todo estea a funcionar.

Co fin de facilitar o traballo en remoto, que non sempre é doado, **creamos unhas aulas virtuais** para que o persoal dos servizos e das unidades poidades manter xuntanzas en liña. Durante o tempo que dure o confinamento, obviamente xurdirán problemas inesperados, pero confío en que seremos quen de arranxalos cunha actitude positiva.

Por outra banda, considero que esta é unha **oportunidade para pensar no futuro**. Como sabedes, temos o compromiso de acordar unha reorganización da RPT que permita mellorar o traballo e darlles unha mellor resposta ás necesidades actuais que ten unha universidade moderna coma a nosa. Xa estamos a traballar nunha comisión creada ao respecto no Claustro e esperamos ter algunhas ideas enriba da mesa antes de comezar as negociacións coas representacións sindicais.

Pois ben, este é un momento axeitado para poder repensar os procedementos, atopar os atrancos, pensar en novas ofertas de servizos, ser capaces de considerar automatizacións de procesos e tentar avanzar nas posibilidades que ofrece o teletraballo. En fin, aproveitemos estas circunstancias para poñer as bases dunha mellora da nosa administración que servirán para empezar a reorganización dunha nova relación de postos de traballo.

Entre todas e todos encontraremos máis solucións que problemas. Non sabemos como e cando imos saír da crise –primeiro da sanitaria e logo da económica– pero temos que tentar saír máis fortalecidos e utilizar o período de peche para organizarnos dun xeito máis eficiente.

Anímovos a remitirlle á Xerencia calquera suxestión para mellorar o funcionamento da nosa institución.

Un afectuoso saúdo,

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor